




# BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

## Concello de Vedra

II número extraordinario COVID-19

### VEDRA SOSTIBLE: RECICLAXE

Garantir modalidades  
de consumo e  
producción sostibles.



## LEMBRA... INFORMACIÓN, OBRIGAS E RECOMENDACIÓN DURANTE O ESTADO DE ALARMA E ALERTA SANITARIA POLO CORONAVIRUS

■ Nestes momentos nos que todo o país está vivindo unha situación de extrema gravidade debemos cumprir estritamente coas obrigas e recomendacións que nos indiquen as autoridades sanitarias.

Resulta de vital importancia a colaboración veciñal e a responsabilidade individual de cada quen para frear o avance deste virus. Trátase dun problema moi grave que todos/as

debemos tomar en serio, por nós, polas nosas familias e polo futuro da nosa sociedade!!

PODES CONSULTAR TODAS AS NOVIDADES, TODA A INFORMACIÓN, AS OBRIGAS E AS RECOMENDACIÓNS DURANTE O ESTADO DE ALARMA E ALERTA SANITARIA POLO CORONAVIRUS NA NOSA PÁXINA WEB [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)



## INFORMACIÓN SOBRE TERMOS E PRAZOS ADMINISTRATIVOS

### ■ RECORDA!

A día de hoxe todavía os TERMOS e PRAZOS ADMINISTRATIVOS están interrompidos e suspendidos para as tramitacións de procedementos nas entidades do sector público. (Disposición adicional III do R.D. 463/2020, do 14 de marzo polo que se declarou o estado de alarma)

### AÍNDA ASÍ...

Debes saber que de maneira telemática a administración segue a funcionar polo que si podes presentar as túas solicitudes, xustificacións, requirimentos,... a través da nosa SEDE

ELECTRÓNICA á que podes acceder a través da web: [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)

Un exemplo son AS SOLICITUDES DE PRAZA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA que podes presentar a partir do 1 de maio de xeito telemático, tanto para novo ingreso como para renovación de praza. Se ben unha vez levantado o estado de alarma, este prazo será ampliado e poderán solicitarse de xeito presencial.

Toda a información sobre este proceso no teléfono do departamento de servizos sociais de Vedra: 981 814 693.



## O PUNTO LIMPO DE VEDRA REANUDA O SEU SERVIZO O 12 DE MAIO NO SEU HORARIO HABITUAL!

■ Un dos servizos que volve á actividade a partir do 12 de maio é o Punto Limpo Municipal no seu horario habitual, martes de 9 a 14 h. e de 16 a 19 h. e os sábados de 9 a 14 h. Sabemos que este tempo de confinamento serviu para facer limpeza en moitos dos nosos fogares e por iso sabemos da importancia deste regreso... Pero tamén incidimos na importancia da responsabilidade de facelo mantendo sempre as medidas de seguridade impostas polo Estado de Alarma, polo que mentres que non se normalice esta situación só se poderá acudir con cita previa na que se determinará día e horario!!

### ANTES DE ACUDIR CONSEGUE CITA PREVIA NO TELÉFONO 981 814 612





## COMUNICADO OFICIAL DA XUNTA DE VOCEIROS DO CONCELLO DE VEDRA E FIRMADO POLO PP, PSOE E BNG DE VEDRA

■ O pasado 13 de marzo todos iniciamos un período onde as certezas mudaron en incertezas. Ese día, ante a excepcionalidade histórica e a magnitude do reto, os grupos políticos representados no pleno do concello de Vedra puxémonos de acordo. O 13 de marzo a confrontación política quedou adiada, todos entendemos que este era o momento de apoiar a actuación do goberno municipal.

Mediada a corentena, é o momento de informarnos das actuacións municipais desenvoltas durante este mes e medio de confinamento.

### 1º- Constitución da Comisión de Seguimento da Covid-19.

Constitúese o luns 16 de marzo seguindo as recomendacións da FEGAMP, e está composta polo alcalde e dous concelleiros, o secretario municipal, a traballadora social, a técnica de xestión económica e unha representante sindical. Esta comisión está en contacto permanente co centro de saúde. A comisión ten carácter técnico, e permite unha toma de decisións efectiva. Reúnese todos os luns.

### 2º.- Xunta de Voceiros.

Anulados provisionalmente os plenos municipais, a xunta de voceiros reúne todos os luns, despois da comisión de seguimento. Fórmana os voceiros do PP, PSOE e BNG, e recibe o apoio técnico do departamento de servizos sociais. Ten a función de informar do falado na comisión. Tamén é o foro onde informamos, debatemos e propoñemos iniciativas dentro das limitacións propias do período de confinamento. Dende o inicio da crise todos os acordos sobre as medidas paliativas e de axuda foron apoiadas por unanimidade. Neste punto queremos resaltar que seguimos sempre as indicacións e recomendacións do Ministerio de Sanidade, da Consellería e baixo a coordinación dos Servizos Técnicos Municipais para dar cumprimento a ditas directrices.

### 3º.- Do traballo da comisión e da Xunta de Voceiros derívanse as seguintes actuacións.

#### Servizos Sociais:

- Dótase de Equipos de Protección Individual ás mulleres do S.A.F (Servizo de Atención no Fogar), garántense as horas de asistencia presentes e futuras.
- Faise un seguimento directo, presencial e telefónico, daqueles casos de vulnerabilidade.
- Achegase unha solución de acubillo para as persoas sen teito.
- Posta en funcionamento dun servizo de apoio específico a persoas que viven soas sen rede de apoio familiar.
- Prográmanse axudas de emerxencia a persoas que se

atopan en situación de especial vulnerabilidade.

- Creación dun servizo de impresión de tarefas escolares, coordinado cos colexios de Vedra.
- Dótase de acceso a internet e equipos informáticos a alumnos que o precisan segundo criterios socioeconómicos e educativos, coordinando esforzos cos colexios de Vedra.
- Créase unha rede de voluntariado para cubrir diferentes tarefas, áreas, e necesidades.

#### Centro de saúde:

- Contacto permanente co centro de saúde de Vedra, atendendo as súas demandas, fundamentalmente: limpeza e desinfección.
- Programa pioneiro para independizar a atención sanitaria dos nenos da dos maiores.

#### Limpeza e desinfeccións:

- Mantense o servizo de recollida de lixo (orgánico, papel, vidro, plástico, etcétera...) con normalidade e coa frecuencia habitual.
- Garántese a apertura permanente das tapas dos colectores (para eliminar un foco de contaxio por manipulación) e procédeuse a desinfeccións periódicas dos mesmos.
- Procédeuse á desinfección de espazos de especial afluencia: 2 veces á semana nos arredores de farmacias, centro de saúde, concello, panaderías, supermercados, tendas de alimentación, gasolinera, así como outras empresas abertas ao público.
- Reforzo de limpeza do centro de saúde e concello mediante desinfección de empresa especializada 1 unha vez á semana. Limpeza e desinfección diaria con protocolo Covid-19.

#### Protección Civil e voluntariado:

- Reparto de alimentos e comidas a persoas necesitadas.
- Acompañamento visitas médicas ao centro de saúde ou hospital.
- Reparto fotocopias aos escolares que o precisen dos centros educativos de Vedra.
- Vixilancia e colaboración cos corpos e forzas de seguridade.
- Confección de 2000 máscaras por un grupo de mulleres do concello para o Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) coordinadas a través do servizo de voluntariado.

#### Iniciativas na área sociocultural e deportiva:

- Adestramentos persoais de forma gratuíta e vía internet.
- Creación do Programa Vedrea. Iniciativa sociocultural que pon en valor "quen somos" e "o que somos capaces



de facer" de forma colectiva nestes difíciles tempos. Este programa conta coa súa propia páxina web: [www.vedrea.net](http://www.vedrea.net) e está dinamizada dende a acción do voluntariado.

## Emprego:

Séguense prestando os seguintes servizos:

- Tramitación de solicitudes de alta como demandantes de emprego na Oficina de Emprego correspondente.
- Tramitación e/ou información de solicitudes de prestación por desemprego ou subsidios.
- Asesoramento e información a empresas e autónomos, sobre axudas e medidas relativas ao COVID-19.
- Tramitación de reclamacións de particulares ante o Instituto Galego de Consumo (IGC).
- Información e/ou tramitación relativa a subvencións a particulares, asociacións e outras entidades, así como a súa xustificación.
- Tramitación e/ou xestión de ofertas de emprego de empresas ou calquera entidade.
- Preparación e/ou revisión de currículos de persoas en situación de desemprego.

## Comunicación:

- Mantense as seguintes canles de información permanentemente actualizadas: web municipal, páxina de facebook, servizo de novas por whatsapp, Instagram e correo electrónico.
- Envío dun Boletín especial COVID-19: Medidas de prevención, sanitarias, servizos sociais comunitarios, servizos administrativos municipais, emprego, voluntariado e outra información de utilidade relativa á administración estatal e autonómica, xunto cos teléfonos e correos electrónicos municipais.

## 4º.- Evolución da COVID-19 en Vedra e dotación de máscaras.

- No momento da redacción deste informe a incidencia de contaxios no Concello de Vedra é limitada, evolucionando de maneira positiva, e con poucos casos de positivos activos.

## Dotación de máscaras.

- O concello recibe máscaras dende diferentes organismos: O Estado, a Xunta, a Deputación da Coruña e as que adquire a través do orzamento municipal.
- Na actualidade as máscaras son un ben limitado e crítico. A xestión do seu uso e reparto segue un protocolo de prioridades. Mentres non se normalice o acceso a elas, as máscaras do concello teñen como finalidade protexer ás traballadores do S.A.F, as familias con afectados pola enfermidade, os servizos de atención cidadá (protección civil, traballadores municipais asignados a traballos de desinfección, etcétera) e ás persoas que teñen necesidades específicas de protección (por desprazamentos a

hospitais, a xulgados, por enfermidade crónica, ou outros casos de especial vulnerabilidade).

- Esta xestión garántelles aos veciños vulnerables e aos traballadores expostos o acceso ás máscaras mentres dure a crise, máxime tendo en conta que as persoas necesitadas desta protección necesitan renovar periodicamente a máscara, calquera outro mecanismo de xestión podería devir no desabastecemento dun recurso imprescindible.
- Existen diferentes vías para reclamar esta axuda municipal. Os servizos sociais están en contacto coas persoas que poidan necesitar delas, e as dúas farmacias do termo municipal, como parte do sistema sanitario, teñen unha vía directa de comunicación co concello. Non dubides en acudir a algunha destas vías se as necesitas. Recorda que é responsabilidade de todos garantir o abastecemento deste sistema de protección á xente que realmente o necesita.

## 5º.- Atención á veciñanza.


- Recordamos que durante o estado de alarma e emerxencia sanitaria o Departamento de servizos sociais segue estando operativo a través da vía telemática e telefónica no número **981 814 693** e **699 041 486** e [alcaldia@concellodevedra.com](mailto:alcaldia@concellodevedra.com).
- Que no **Centro de Saúde** debemos solicitar toda consulta médica telefonicamente no **981 814 657**.
- Que o **servizo de voluntariado** está dispoñible nos teléfonos **981 814 693** e **629 661 685** e no correo [voluntariado@concellodevedra.com](mailto:voluntariado@concellodevedra.com).
- Que o **Servizo de emprego do concello de Vedra** está dispoñible nos teléfonos: **981 814 692** ou **669 450 801** e nos enderezos electrónicos [empregoeformacion@concellodevedra.com](mailto:empregoeformacion@concellodevedra.com) [cruz.vilas@concellodevedra.com](mailto:cruz.vilas@concellodevedra.com)
- Calquera dúbida ou consulta en xeral, chama ao **981 814 612** ou escribe a [alcaldia@concellodevedra.com](mailto:alcaldia@concellodevedra.com)

## 6º.- Agradecemento.

- Non queremos acabar sen recordar que moita xente, entidades e empresas de Vedra e de fóra de Vedra están a colaborar, a botar unha man e a poñerse á nosa disposición de forma xenerosa para todo o que precisemos na loita contra a COVID-19. Ninguén pediu publicidade, pero a Corporación Municipal celebrará un Pleno Extraordinario e un acto de recoñecemento público a todos eles nas vindeiras semanas, e en todo caso cando se levante o estado de alarma.
- Así mesmo queremos resaltar e agradecer o comportamento exemplar da poboación de Vedra na súa inmensa maioría que está a facer que pouco a pouco se vaia gañando esta batalla.

**GRAZAS POLA VOSA COMPRESIÓN E COLABORACIÓN.**

Firmado: PP, PSOE e BNG de Vedra



## VEDRA EN LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ A pesares da situación actual temos que seguir a loitar contra esta especie invasora... Por iso lembramos o **NOVO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA OS AVISOS E A RETIRADA DE NIÑOS DA VESPA VELUTINA!!**

A Xunta e a Fegamp estableceron un novo protocolo de actuación no marco do plan de loita contra a vespa velutina polo que os avisos de niños de velutina terán que facerse a través do número de información 012 e será a empresa pública de Servizos Galegos (Seaga) a encargada da retirada e destrución dos niños de vespa velutina en todo o territorio galego. O persoal de Seaga conta coa formación específica para tratar esta praga, segundo a normativa que

regula a capacitación para realizar tratamentos con biocidas recollida nun Real Decreto de 2010.

### Prazos de resposta:

Para aqueles niños que estean situados en lugares accesibles e a menos de 25 metros de altura, o prazo de resposta será de cinco días hábiles desde que se reciba o aviso da incidencia no número de información. Nos casos dos niños inaccesibles e que non estean en altura, o tempo de actuación poderá ser superior aos cinco días.

**RECORDA:  
SE VES UN NIÑO DE VELUTINA,  
CHAMA AO 012**



## VEDRA... VEDREA! EN WWW.VEDREA.NET

■ Vedrea é un termo que expresa dinamismo, identidade, solidariedade, sinerxía ...Ante a actual situación de emerxencia, xorde esta iniciativa sociocultural baixo a idea de poñer en valor "quen somos" e "o que somos capaces de facer" de forma colectiva e de maneira dinamizada desde a acción de voluntariado que se sostén en 3 actividades:

- BANCO DE RECURSOS COMPARTIDOS. Espazo para poñer en valor tanto os recursos municipais, como os asociativos e mesmo os individuais. Enviade as vosas propostas a [brcvedrea@gmail.com](mailto:brcvedrea@gmail.com).
- MAPA EMOCIONAL DE VEDRA. Trátase dunha recollida de fotografías anteriores ao ano 2000 e á creación dun

arquivo para a construción dun mapa emocional de todo o municipio. Participa de seleccionando e enviando fotografías que teñan



que ver coa vida cotiá da veciñanza vedresa: festas, escola, familias, traballos, deportes, celebracións... Envía as túas fotos a [vedraemocional@gmail.com](mailto:vedraemocional@gmail.com)

- DE VEDRA NO MUNDO. O obxectivo desta proposta é facer visible ata onde chegou a xente de Vedra no mundo; tanto de viaxe, como de excursión, por traballo, emigración, estudos,... Ata que parte do mundo levamos a Vedra?. Fai os teus envíos a [devedranomundo@gmail.com](mailto:devedranomundo@gmail.com)



## VEDRA... ASOCIATIVA! VEDRA FESTEIRA!

■ Se algo nos diferencia é o noso carácter profundamente asociativo, dinámico, colectivo,... Vedra conta con infinitas propostas culturais, deportivas e de tempo libre que en moitísimas ocasións veñen da man dunha asociación. Esta realidade paralizouse co Estado de Alarma que fixo que os nosos colectivos frearan todas as súas propostas presenciais dun xeito coordinado e responsable.

E en maio, mes por excelencia das citas gastronómicas no noso concello, isto deixarase sentir ... Sen Festa da orella, sen Festa do polbo, sen Festa do porco á brasa, sen Festa do carneiro ao espeto, ... E tamén sen celebracións públicas da conmemoración do Día das Letras Galegas,... Sen festas patronais,...

**Calquera dúbida ou consulta, chama ao 981 814 612 de 9:00 a 14:00 h.  
ou escribe a calquera hora, calquera día a [alcaldia@concellodevedra.com](mailto:alcaldia@concellodevedra.com)**